

**Acordos da Comisión Permanente correspondentes á sesión extraordinaria
celebrada o 19 de setembro de 2016**

Aprobar as alegacións ao Plan Director de Racionalización das Estruturas Académicas da UDC que se formulan no escrito achegado a continuación.

ALEGACIÓNS PRESENTADAS POLA COMISIÓN PERMANENTE DA ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ARQUITECTURA DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA AO PLAN DIRECTOR DE RACIONALIZACIÓN DAS ESTRUTURAS ACADÉMICAS DA UDC.

A Comisión Permanente da ETS de Arquitectura , reunida en sesión extraordinaria o 19 día de setembro de 2016, acordou a presentación das seguintes alegacións á memoria do Plan Director de racionalización das estruturas académicas da UDC, remitida para a súa consideración pola CEPREA.

A alegación estrutúrase nos seguintes apartados:

1. Referido ao cómputo de alumnos da ETSA
2. Referido á inclusión na mesma cabeceira, no cadro de proposta para departamentos, á Escola Técnica Superior de Arquitectura e máis á Escola Universitaria de Arquitectura Técnica.
3. Referido á asignación de departamentos á ETS de Arquitectura

1 CÓMPUTO DE ALUMNOS DA ETSAC.

O dato ten consecuencias que afectan, de xeito directo, á composición da equipa de dirección do centro. Nas cantidades que figuran na memoria alegada (1040 estudantes) faltan por engadir a cantidade dos matriculados na titulación de arquitecto, que supón 485 máis ao total, que sería de **1525 alumnos**. Estes alumnos, matriculados na UDC, pertencen a un plano de estudos en extinción e todos eles cursan o Proxecto Fin de Carreira, que esixe unha atención específica, para atender á cal a Vicerreitoría de Profesorado asignou unha serie de horas que constan no POD.

2 A ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ARQUITECTURA E A SÚA ESTRUTURA DEPARTAMENTAL.

No borrador de memoria presentada na derradeira reunión da CEPREA, constaba una estrutura de dous departamentos “compartidos” pola ETSA e máis a EUAT. Isto motivou unha intervención do director la ETSAC rexeitando tal redacción por non axustarse á normativa da UDC , entre outras importantes razón. Na memoria que agora se presenta figuran os dous centros na cabeceira do cadro de asignación de departamentos.

Rexeitamos terminantemente esta ambigüidade, xa que os departamentos asígnanse a centros dun xeito claro. Na mesma memoria consta na súa páxina 29 que:

“O departamento terá como sede o centro en que imparta maioritariamente a súa docencia”.

Tamén, na mesma memoria, recóllese unha “Proposta de regulamento marco de departamentos na Universidade da Coruña”, na que se indica, no artigo 4, a adscripción, que di no seu texto:

“O Consello de Goberno adscribirá os departamentos ao centro en que desenvolvan a maior parte da súa actividade académica, a proposta do departamento interesado e previo informe do centro ou centros afectados”.

Esta normativa de adscripción correspóndese, como non podería ser doutro xeito, cos estatutos da UDC, modificados no 2007, para adaptarse ás novas determinacións introducidas na LOU.

Só podemos entender a equívoca inclusión da EUAT na proposta feita de dous departamentos para a ETSAC, en contradición ca normativa proposta no mesmo documento, cunha intención non explicitada. Esiximos, apelando á máis elemental coherencia, a supresión dun segundo centro no cadro de departamentos propostos para a ETSAC.

3 ESTRUTURA DEPARTAMENTAL PARA A ETSAC.

Consultados os órganos de representación dos departamentos da ETSAC sobre a súa reconfiguración, e tras diversas reunións, concluíuse un acordo para alegar á proposta incluída na memoria do plan director:

- Sumámonos á proposta do Departamento de Tecnoloxía da Construción, que na súa alegación sinala que cumpre todos e cada un dos requisitos da memoria, polo que solicita manter a súa estrutura actual.
- En relación co anterior, e xa que na escola imparte docencia a área de Matemática Aplicada, do departamento de Métodos Matemáticos e de Representación, apoiamos a alegación presentada por dito departamento.
- A área de Composición Arquitectónica, actualmente integrada no Departamento de Composición, pasaría a integrarse no Departamento de Proxectos Arquitectónicos e Urbanismo. Esta unión cumpre cos requisitos e posúe unha clara coherencia académica, xa que Composición Arquitectónica pertence á área proxectual.
- O Departamento de Tecnoloxía e Ciencia da Representación Gráfica, pasaría a integrarse no Departamento de Representación e Teoría Arquitectónica.
- O Departamento de Construcións Arquitectónicas mantería a súa estrutura.

Formúlase esta reestruturación pasando de 6 a 4 departamentos, precisando de certas excepcionalidades que quedan xustificadas polo alcance da contracción e a coherencia académica e científica da estrutura proposta.